

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DOENTES DO DEZA CONTAN CUN NOVO CENTRO DE HEMODIÁLISE EXTRAHOSPITALARIA QUE EVITARÁ UNS 20.000 QUILÓMETROS DE TRASLADO EN AMBULANCIA AO MES

- ***O novo servizo acollerá os primeiros 24 doentes mañá mesmo***
- ***Supón unha mellora na acesibilidade dos pacientes dos concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces ao evitar o seu desprazamento fóra da comarca***

Lalín, 20 outubro de 2020.- A nova unidade de hemodiálise extrahospitalaria no concello de Lalín comezará a recibir os primeiros 24 doentes mañá mesmo, o que lles evitará realizar uns 20.000 quilómetros de traslado en ambulancia ao mes ata Santiago. Hoxe achegouse a coñecer as instalacións do centro o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, xunto ao alcalde de Lalín, José Crespo, a xerente da área Sanitaria de Santiago de Compostela, Eloína Núñez e a presidenta da Fundación Renal Iñigo Alvarez de Toledo, Isabel Entero, fundación responsable deste centro concertado.

O novo servizo conta con 15 postos de hemodiálise *on line* e está dotado coa máis moderna tecnoloxía no seu ámbito. Situado na rúa da Ponte, ocupa unha superficie de 552 m² e ten unha importante capacidade de crecemento futuro de ata 60 doentes.

Os 24 primeiros pacientes da comarca dezá que evitarán desde mañá o seu desprazamento ata Santiago, disporán dunha unha ampla e luminosa sala de hemodiálise de 150 m² onde recibirán as 13 sesións mensuais que de media necesita cada doente. Ademais o centro conta cunha sala para os usuarios que necesiten dializarse illados, sala de espera, vestiarios, consulta médica e de enfermería, así como despacho do grupo de Apoio ao Paciente (psicólogo e traballador social). As novas instalacións teñen tamén unha moderna planta de auga que garante unha diálise online cos máis altos estándares de calidade.

Con esta medida, a xerencia sanitaria compostelá pretende achegar o servizo de hemodiálise aos doentes dos concellos de Agolada, Lalín, Dozón, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, con patoloxía renal que precisan deste tratamento, ao obxecto de acadar unha maior comodidade na súa atención e evitar que teñan que desprazarse varios días á semana fóra da comarca do Deza para recibir tratamento.

Esta nova prestación busca satisfacer as necesidades dos doentes ao facilitar o servizo achegando tanto física como temporalmente o tratamento aos pacientes e ao seu entorno familiar. Tamén se minimizarán os eventuais inconvenientes relacionados cos desprazamentos.

Con esta medida, a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso de achegar as prestacións sanitarias o máis preto posible dos usuarios.

Saúdos,